

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 8 DE SETEMBRO DE 2008.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D^a. Ana María Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

D. Jaime Pernas Rodríguez

INTERVENTORA:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día 8 de setembro de dous mil oito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DE SESIÓN ANTERIOR DE 14 DE XULLO DE 2008. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador da acta plenarias de 14 de xullo. Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aproba-lo borrador da acta plenaria de

14 de xullo de 2008.

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE REINICIO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE PROMOCIÓN DE VIVENDA EN RÉXIME DE ALUGUER (VIVENDAS UBICADAS NA RÚA AGRAMONTE, Nº 17, PISOS 1º D, 1º E E 4º D, ANTIGAMENTE RESERVADAS A MESTRES). ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno da proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe íntegramente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove,

VISTO que na actualidade o Concello dispón de tres vivendas ubicadas na Rúa Agramonte nº: 17 (Pisos 1º Dereita; 1º Esquerda e 4ª Dereita) antigamente reservadas a mestres.

Continuando o programa municipal de promoción de vivenda adicado aquel sector de poboación que carece dos recursos económicos necesarios para acceder en propiedade á vivenda mesmo ás de promoción pública.

Pola presente propoño ó Concello pleno inicia-lo procedemento de adxudicación en réxime de aluguer das vivendas de titularidade municipal (bens de carácter patrimonial) anteriormente referenciadas polo trámites reflectidos nas Bases aprobadas por unanimidade dos membros da Corporación Municipal na sesión plenaria de data 11 de xaneiro de 2007 coas modificacións seguintes:

A).- Ós efectos de que tódolos alugatarios abonen a mesma renda se modifica o artigo 3º de ditas Bases de xeito que a renda mensual inicial queda fixada en 84´00 € trala aplicación do IPC da última anualidade.

B).- Co obxecto de axiliza-la tramitación do expediente (tendo en conta que a tramitación das adxudicacións anteriores tardaron case 1 ano) se modifican e reducen, garantíndose en calquera caso os principios de publicidade e transparencia, os prazos que a seguir se relacionan:

- Art. 8º.1: O prazo de presentación de solicitudes pasa de un mes a 15 días naturais.

- Art. 8º.5: O prazo para endar erros ou omisións reducécese de 20 días a 10 días naturais.

- Art. 9º.1.- O prazo máximo para que o Concello Pleno, tralos preceptivos informes dos Servicios Sociais Municipais e do visto e prace da Xunta de Portavoces, aprobe a lista provisional de adxudicatarios pasa de 3 meses a 1 mes.

- Art. 9º.3.- O prazo de exposición pública da lista provisional de adxudicatarios pasa de 1 mes a 15 días naturais. “

Aberto o debate, polos portavoces de tódolos grupos municipais, Sres. Pernas Rodríguez, Fernández Bouza e Ben Fernández, manifestase a súa conformidade coa proposta transcrita.

Enterado, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros acorda aproba-la proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

3º) INFORMACION DO ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA E DO MOVEMENTO E SITUACIÓN DA TESOURERÍA MUNICIPAL (ARTIGO 207 DO RDL 2/2004 DO 5 DE MARZO). DAR CONTA.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno do expediente do epigrafe, do que se deu conta, sinalando que do mesmo, deuse conta á Comisión Informativa de Contas, en Sesión de data 4 de setembro de 2008.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que con independencia do feito de que algunhas inversións sexan cofinanciadas por outras administracións, na súa opinión, e tendo en conta a capacidade e recursos económicos propios do Concello de Xove, non é de recibo o practicamente nulo nivel de inversións reais que a estas alturas do exercicio económico leva efectuado o Concello.

Polo Sr. Alcalde respóndese que a meirande parte, por non decir a totalidade das inversións municipais están acollidas as subvencións da Xunta de Galicia, e a realidade é que a estas alturas do ano, a maioría de ditas solicitudes de subvención aínda non se resolveron polas Consellerías correspondentes, incluídas as gobernadas por membros do BNG, o que está impedindo ou polo menos retrasando a execución do Plan de Inversións Municipais.

Rematado o debate, o Concello Pleno dáse por enterado do expediente do epigrafe.

Fora da orde do día da sesión, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros, ó abeiro do disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, acordou entrar no debate e votación dos seguintes asuntos:

4º) ESCRITO REMITIDO POLA ADMINISTRACIÓN HIDRÁULICA DE GALICIA (CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE), RELATIVO Á EXECUCIÓN DA OBRA “ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS E PLUVIAIS EN VARIOS NÚCLEOS DO CONCELLO DE XOVE”. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Alcalde –Presidente, dáse conta ó Concello Pleno do escrito do epigrafe que a seguir se transcribe íntegramente:

“ En relación á obra pública de referencia a executar no seu municipio, promovida de oficio directamente pola Administración Hidráulica de Galicia e financiada na súa integridade por esta con cargo aos seus orzamentos, dentro do marco do Plan Hidrolóxico de Galicia e os seus instrumentos de ordenación de desenvolvemento e das actuacións previstas na Programación de infraestruturas hidráulicas de abastecemento e saneamento en pequenos núcleos de poboación para o período 2008-2014, comunícaselle a necesidade, a efectos de poder levar a cabo a execución

desta obra pola Administración Hidráulica, de que nos remita a certificación acreditativa do acordo adoptado polo órgano municipal que corresponda no que se faga constar o seguinte:

- A conformidade ao proxecto da obra.
- O compromiso ou acreditación da posta a disposición da Administración Hidráulica de Galicia dos terreos e auga necesarios, libres de cargas e gravames, para a normal execución das obras.
- O compromiso de entrega das autorizacións e permisos administrativos necesarios para a realización das obras.
- A renuncia expresa á retención de calquera tipo de taxa, licencia, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.
- O compromiso de asumir a explotación, mantemento e conservación das obras, unha vez recepcionadas pola Administración Hidráulica e entregadas por esta ao concello, e de efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.

O que se lle da traslado para que no prazo máis breve posible se remita a documentación municipal requirida co fin de que, toda vez realizados os trámites posteriores oportunos, se proceda pola Administración Hidráulica de Galicia á contratación da obra polo procedemento que corresponda para a súa inmediata execución de acordo co proxecto e baixo o control, dirección e coordinación desta.”

Dase conta igualmente do proxecto técnico redactado polos servizos técnicos municipais, relativo á obra antedita, e explicase os aspectos máis salientables da mesma.

Aberto o debate, polos portavoces de tódolos grupos municipais, Sres. Pernas Rodríguez, Fernández Bouza e Ben Fernández, manifestase a súa conformidade coa de acordo interesada no escrito anteriormente transcrito, e na súa consecuencia, rematado o debate, o concello Pleno por unanimidade dos seus membros, acorda:

“A conformidade co proxecto da obra “ Abastecemento de Auga e Saneamento de Augas Residuais e Pluviais en varios núcleos do Concello de Xove (Lugo) cun presuposto de 196.707,00€(clave:OH.527.526)”.

O compromiso ou acreditación da posta a disposición da Administración Hidráulica de Galicia dos terreos e auga necesarios, libres de cargas e gravames, para a normal execución das obras.

O compromiso de entrega das autorizacións e permisos administrativos necesarios para a realización das obras.

A renuncia expresa á retención de calquera tipo de taxa, licencia, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

O compromiso de asumir a explotación, mantemento e conservación das obras, unha vez recepcionadas pola Administración Hidráulica e entregadas por esta ao concello, e de efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.

5º) MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, INTERESANDO A APERTURA DO DIQUE NORTE DO PORTO DE ALCOA. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Fernández Bouza, coa autorización da Presidencia, procédese á lectura explicación o epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente:

“O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista na Corporación Municipal de Xove expón o seguinte de cara ó próximo pleno da Corporación.

Expón:

O Porto Comercial de San Cibrao construído no seu momento polo INI, a día de hoxe explotando en réxime de monopolio pola multinacional Alcoa para o que conta cunha concesión até 2023, utiliza unicamente o dique sul, o que significa o non aproveitamento do dique norte para a súa utilización para o tránsito comercial.

A este respecto débese ter en conta que a posta en funcionamento do dique norte, tal como consta en diferentes estudos e anteproxectos a elaborados, nalgúns casos por organismo públicos, significaría habilitar un peirao de atraque de 500 metros ao longo do dique norte que permitiría a entrada de mercantes de 62.000 toneladas implicaría un investimento do arredor de 9 millóns de euros. Neste sentido hai que ter en conta que no Porto de San Cibrao nos últimos 10 anos a Autoridade Portuaria Ferrol- San Cibrao arredecadou 18,8 millóns de euros, case 2 millóns de euros anuais, o que permitiría que a actuación se financiase con fondos propios.

A ningún se lle escapa o papel activo que está infraestrutura xogaría na dinamización económica do norte galego, abaratando os gastos de loxística de boa parte do sector industrial da zona que se ven obrigados a utilizar os Portos de Vigo, Coruña e Gijón, frenando a fuga de determinados divisións do noso tecido empresarial que se están desprazando cara Coruña e maioritariamente a Gijón e abrindo novas posibilidades de negocio.

O Porto de San Cibrao, hoxe limitado o seu dique sul, xenera o 47,5% da cota total de negocio da Autoridade Ferrol-San Cibrao, agora ben co actual sistema tarifario definido a nivel estatal aproximadamente a metade dos fondos recadados en concepto de canons e taxas polas diferentes Autoridades Portuarias son absorbidos directamente por Portos do Estado, para o chamado Fondo de Compensación, o que representa un auténtico expolio para o conxunto dos portos galegos de interese xera, que fican cun 40% do recadado e que á súa vez son perxudicados polo reparto efectuado do fondo de compensación que recae nun 80% nos portos de Bilbao, Barcelona, Valencia e Algeciras.

A propia liquidación dos Orzamentos Xerais do Estado de 2006 ou a Memoria do referido exercizo da Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao son ben elocuentes da situación que vimos de referir. Así mentras que Portos do Estado investiu no período referido na Galiza 77,3 millóns de euros o único dos Portos Galegos de Interese Xeral que ficou sen investimento público foi o de San Cibrao, cando o seu movemento de mercadorías situase nos 5.033.638 Tonealdas máis que o Porto de Marín e case o 49% da totalidade da Autoridade Portuaria a que está inscrito.

A posta en funcionamento e a liberalización do dique norte de Alcoa ten un carácter estratéxico para o conxunto do norte galego, na medida que nos conecta coas autovías marítimas europeas, permite superar a situación de excentralidade do Cantábrico galego e opera de imán e palanca para a totalidade do noso tecido productivo. A transferencia a Galiza dos Portos de Interese Xeral vai moito máis alá de por fin ao espolio que representa o actual modelo tarifario estatal, xa que significa pór en valor o sistema portuario galego a través da súa racionalización e especialización mediante a conformación dun pool que se aproveite da posición privilexiada de Galica en relación co tránsito marítimo internacional.

SOLICITA:

Que o Pleno da Corporación se dirixa aos Portavoces dos Grupos Parlamentarios no Congreso dos Deputados para que apoiem e plantexen alternativas dirixidas á apertura ao tráfico comercial do dique norte de Alcoa.”

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde sinalase que o Grupo de Goberno, dende a súa toma de posesión fai mais dun ano, leva solicitando a apertura do dique norte do Porto de Alcoa, como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento industrial de toda A Mariña.

Por esa razón o Grupo Municipal do Grupo Popular, vai votar a favor da moción presentada polo grupo BNG, pero considera necesario por de manifesto as contradicións do BNG respecto deste tema, tendo en conta que na sesión plenaria do mes de novembro do ano pasado, o BNG votou en contra da aprobación dunha moción presentada polo Grupo de Goberno Municipal, na que entre outras cousas se solicitaba a apertura para usos comerciais do dique norte do Porto de Alcoa, e que, practicamente na mesma data na que o BNG a nivel autonómico inicia a “bombo e platillo” unha campaña solicitando a apertura do dique Norte, á Consellería de Vivenda baixo a responsabilidade do BNG, comunica ós Concellos de Xove e Cervo o inicio dos tramites para deixar sin efecto o Plan Sectorial de Ordenación de Areas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, sinalando expresamente que as actuacións recollidas no citado Plan Sectorial nas localidades de Muxia, Carnota, Porto do Son, e Xove-Cervo, non serán tramitadas, por considerar que as mesmas non se axeitan ós obxectivos e criterios dunhas actuacións racionais e de auténtica ordenación territorial.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde, sinalando que a apertura do dique norte sen habilitar solo industrial para ubica-las empresas e industrias que poidan utilizar dito dique, non serviría absolutamente para nada.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu Grupo vai votar a a favor a aprobación da moción presentada polo BNG, engandindo que espera que o BNG de Xove apoie tamén o mantemento da zona industrial supramunicipal de Xove-Cervo.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que vai votar a favor da aprobación da moción, pero que respecto deste tema hai que ser realista, e ter en conta que en Galicia, por decisión de gobernos autonómicos anteriores, xa existen dous grandes super-portos para usos industriais, como son os de A Coruña e Ferrol, nos que se está a invertir cantidades multimillonarias.

Remata a súa intervención o Sr. Ben Fernández, sinalando que o seu Grupo tamén apoia o mantemento da zona industrial supramunicipal de Xove-Cervo.

Polo Sr. Fernández Bouza sinalase que o BNG na sesión de novembro do ano pasado, votou en contra da moción presentada polo Partido Popular, porque xunto con peticións razoables como podían ser a apertura do dique norte, ou a mellora do hospital da Costa, incluía unha batería interminable de peticións de contido puramente partidario e electoralista.

Remata a súa intervención o Sr. Fernández Bouza sinalando que a apertura do dique norte de Alcoa pode se-la locomotora do desenvolvemento económico do norte da Provincia, con independencia da creación da zona industrial de Xove-Cervo, tendo en conta a enorme superficie de solo industrial sen uso, actualmente existente.

Rematado o debate, o concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aproba-la moción do epigrafe anteriormente transcrita.

6º) ESCRITO REMITIDO POLA CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO (INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO), RELATIVO Ó INICIO DOS TRAMITES PARA DEIXAR SIN EFECTO O PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DE AREAS

EMPRESARIAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde reiteranse os argumentos expresados no debate do punto anterior, reiterando que na resolución notificada ó Concello, sinalase expresamente que as actuacións recollidas no citado Plan Sectorial nas localidades de Muxia, Carnota, Porto do Son, e Xove-Cervo, non serán tramitadas por considerar que as mesmas no se axeitan ós obxectivos e criterios dunhas actuacións racionais e de auténtica ordenación territorial.

Polo Sr. Pernas Rodriguez considerase que sería convinte, antes de tomar calquera clase de decisión, renunirse coa corporación do Concello de Cervo, os efectos de adoptar e definir unha posición conxunta, respecto dun tema que afecta por igual a ambos os dous Concellos. En consecuencia o Sr. Pernas Rodriguez propón ó abeiro do disposto no artigo 92.1 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, deixar sobre a mesa o asunto, aplazando a toma de decisión para unha posterior sesión plenaria, unha vez efectuadas as consultas e reunións que sexan necesarias entre o Concello de Xove e o Concello de Cervo.

Polo Sr. Alcalde e o resto de portavoces, amosase a súa conformidade coa proposta plantexada polo Sr. Pernas Rodriguez.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros, e o abeiro do citado artigo 92.1, acorda deixar sobre a mesa o asunto.

7º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) Polo Sr. Ben Fernández preguntase ó Sr. Alcalde se a Consellería de Obras Públicas remitiu ó Concello o proxecto da V.A.C. Ferrol-San Cibrao, de xeito que se sepa con maior precisión e claridade donde van a estar ubicados os enlaces de dita via co núcleo de Xove.

Polo Sr. Alcalde respóndese que en datas recentes, coincidiu co Director Xeral de Obras Públicas na xuntanza do Consello da autoridade portuaria, e as preguntas plantexadas por esta Alcaldía respecto deste tema, contestoulle que aínda non estaba dispoñible o proxecto constructivo, o que realmente resulta bastante extraño, toda vez que desde a mesma consellería de está a dicir que o tramo O Castelo-Celeiro iniciárase este mesmo ano de 2008.

2º) Polo Sr. Pernas Rodríguez, preguntase ó Sr. Alcalde si o próximo ano tomará algún tipo de medida para evitar que como sucedeu este ano, os viais de titularidade da Diputación quedaran e aínda quedan na situación de completo abandono, provocando unha situación continua de risco para os seus usuarios.

Polo Sr. Alcalde contestase que é certo o que dí o Sr. Pernas Rodríguez, e de feito, dende a Alcaldía de xeito reiterado, solicitouse o desbroze e limpeza dos marxes dos camiños da Deputación, non recibindo mais que excusas e largas. Engade o Sr. Alcalde que o ano que ven, adoptaránse dende logo, as medidas necesarias para que a bochornosa situación desde ano, non se volva a repetir.

3º) Polo Sr. Pernas Rodríguez preguntase ó Sr. Alcalde si hai algunha novidade nas negociacións mantidas cos propietarios dos terreos de Lago.

Polo Sr. Alcalde contestase que as novidades existentes non son precisamente boas, xa que na última conversa mantida, o propietario manifestou que falaría co seu irmán, pero que en calquera

caso, o prezo do terreo sería desorbitado, e a maiores a intención dos propietarios é que o Concello compre outros terreos sen utilidade ningunha.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezanove horas e corenta e cinco minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo